

CONCLUSIÓNS

.....

Conclusións da xornada “Os múltiples riscos da contaminación luminosa”

Santiago de Compostela. Xoves, 1 de xuño de 2023

CONCLUSIÓNS
CCG



Pazo de Raxoi, 2º andar
Praza do Obradoiro, s/n
15705 Santiago de Compostela

—

+34 981 957 202
consellodacultura.gal

A iluminación artificial é sen dúbida un dos grandes avances da humanidade. O seu uso indiscriminado, porén, ten consecuencias negativas cada vez mellor coñecidas nos ámbitos da preservación da biodiversidade, a saúde pública, a actividade científica, a percepción visual das paisaxes nocturnas e a preservación do patrimonio cultural inmaterial asociado á noite. Resulta, pois, acaída e urxente unha reflexión colectiva sobre os usos da iluminación artificial en Galicia, sobre todo da iluminación exterior.

Durante a meirande parte da súa existencia a especie humana fixo a súa vida baixo unha iluminación que seguía o ritmo natural da alternancia luz-escureidade: o ciclo diario do día e a noite, o mensual das fases da Lúa e o estacional propio da latitude, que fai variar harmonicamente ao longo do ano o número de horas diarias de luz solar. Este ritmo natural tivo unha primeira variación co aproveitamento do lume para iluminar as horas nocturnas. Porén, foron a chegada da luz eléctrica e a extensión masiva da iluminación artificial, con grande intensidade e variedades cromáticas, as que racharon moi significativamente ese equilibrio hai tan só unhas poucas décadas e converteron a noite iluminada nun espazo moi distinto á noite natural.

A conciencia sobre os efectos negativos da iluminación artificial é un fenómeno relativamente novo; unha conciencia derivada da acumulación de evidencia científica converxente, particularmente intensa dende o comezo deste século. A luz artificial en horas nocturnas é considerada hoxe un axente contaminante, sen prexuízo da súa utilidade. A súa abordaxe require un enfoque global, que vai alén das meras melloras tecnolóxicas nas instalacións de iluminación pública, en por si insuficientes para dar resposta a este problema.

Esta xornada do Consello da Cultura Galega incide nalgúñas das cuestións relacionadas con esta nova contaminación. Entre as consideracións expresadas polas persoas que actuaron como relatoras figuran as seguintes:

— A protección da noite é fundamental para a preservación da biodiversidade, a saúde das persoas, as paisaxes nocturnas e a transmisión interxeracional do patrimonio cultural inmaterial relacionado co ceo estrelado.

— A luz artificial exterior en horario nocturno, alén da súa utilidade, é un axente contaminante que debe ser tratado como tal, de forma semellante a outros contaminantes físicos e químicos.

— A limitación dos efectos negativos da iluminación artificial nocturna require necesariamente restrinxir a cantidade total de luz emitida. Isto non é

unha opción, senón unha consecuencia das leis físicas que rexen a propagación da luz.

— Cómpre decidirmos sobre a máxima deterioración da noite que estamos dispostos a aceptar. Esta é unha elección social e política. Non existe unha forma «natural» nin «tecnicamente neutra» de iluminar a noite.

— As zonas de interese xa deterioradas deberán recuperarse mediante a redución de emisións que sexa necesaria para acadar unha calidade satisfactoria da noite.

— A opción por defecto é sempre non iluminar. As novas instalacións e as reformas das existentes deben estar expresamente motivadas, tendo en conta os beneficios e inconvenientes do uso da luz.

— A contaminación luminosa non é un problema de raíz tecnolóxica: mesmo nunha instalación de iluminación tecnicamente perfecta só unha partícula de luz de cada vinte e dous millóns reflectidas no chan se aproveita para ver (por persoa); o resto, é dicir, practicamente toda a luz, pérdese por absorción ou é contaminante. Este límite non pode superarse mediante melloras na tecnoloxía. Este feito aconsella un uso prudente e moderado da luz artificial no exterior.

— A mellora das instalacións individuais de iluminación, se está correctamente feita, permite reducir os niveis de contaminación luminosa respecto aos inicialmente existentes, mais sempre co límite indicado no punto anterior.

— As partículas de luz non teñen fronteiras e os seus efectos abranguen un territorio que vai alén dos límites dos concellos e as comarcas que as emiten. A protección de zonas con elevado valor paisaxístico ou ecolóxico require limitar as emisións de luz non soamente nesas zonas, senón en todo o territorio circundante, adoito até longas distancias (que poden chegar a varias ducias de quilómetros).

— As motivacións de carácter comercial, industrial e económico (de aforro na factura enerxética) que impulsan as novas instalacións de luz ou a reforma das existentes deben estar ao servizo da protección do medio nocturno, non á inversa. A redución da contaminación luminosa garante un menor consumo de enerxía, pero a opción inversa non é certa (moitas medidas de aforro enerxético incrementan a contaminación luminosa).

— Resulta necesario e urgente revertir a inxustificada tendencia actual a estender a superficie iluminada. Cómpre evitar a iluminación ornamental indiscriminada de edificios e pontes, espazos naturais (praias, ribeiras, cantís...), xardíns botánicos e parques, así como a instalación xeneralizada de pantallas publicitarias LED ultrabrillantes.

— A disrupción das condicións da noite natural en zonas de Galicia saturadas de xeradores eólicos producida polas súas balizas luminosas debe ser corrixida no prazo máis breve posible.

— Algunhas medidas que se poden adoptar para reducir as emisións contaminantes de cada instalación individual de iluminación exterior son:

- Os niveis de iluminación deben reducirse ao mínimo realmente necesario para a función que deben facilitar. Os niveis medios actuais de iluminación urbana de moitas cidades e vilas galegas son claramente excesivos.

- Adicionalmente ao anterior, deben evitarse as emisións directas de luz á atmosfera, especialmente en ángulos próximos á horizontal.

- Cómpre reducir a intensidade da luz emitida nas horas da noite nas que os espazos iluminados non teñen uso social, co apagado total como opción por defecto salvo que se xustifique a necesidade do contrario.

- As propostas de novas instalacións de iluminación e as reformas das existentes deben ser sometidas a avaliacións de impacto ambiental.

- A autorización de novas instalacións debe estar supeditada en todo caso á non-superación das cantidades totais máximas de emisión de luz permitidas para cada concello, a fin de non exceder as liñas vermellas de impacto ambiental.

- As fontes de luz (lámpadas) deben elixirse de forma que minimicen as emisións de luz na rexión de curtas longuras de onda do espectro (luz azul), en todas as localizacións e particularmente naquelas que afecten a espazos naturais próximos ou máis afastados. Se ben todos os compoñentes da luz, con independencia da súa cor, teñen efectos ambientais non desexados, as longuras de onda curtas son as que afectan en maior medida un amplo número de especies.

— Semella oportuno levar a cabo accións eficaces de comunicación e formación sobre contaminación luminosa dirixidas á cidadanía, á comunidade

educativa, a persoal técnico, a deseñadores de iluminación, a especialistas en paisaxe e a responsables da Administración autonómica e local.

Documentos relacionados

— Declaración institucional do Parlamento de Galicia en defensa do ceo nocturno, Santiago de Compostela, 29 de setembro de 2015.

<https://www.parlamentodegalicia.gal/Actualidade/1945/declaracion-institucional-do-parlamento-de-galicia-en-defensa-do-ceo-nocturno/>

— Declaración de Brno para reducir a contaminación luminosa en Europa, promovida pola Presidencia checa do Consello da Unión Europea, Brno (República Checa), 2022.

[https://www.mzp.cz/C125750E003B698B/en/light_pollution_workshop_2022/\\$FILE/OPZPUR-Light_Pollution_2022_Conclusions_EN-20221026.pdf](https://www.mzp.cz/C125750E003B698B/en/light_pollution_workshop_2022/$FILE/OPZPUR-Light_Pollution_2022_Conclusions_EN-20221026.pdf)

CONCLUSIÓNS
CCG

— Resolución do Parlamento Europeo, do 9 de xuño de 2021, sobre a Estratexia de Biodiversidade da UE para 2030 - Traer a natureza de volta ás nosas vidas (apartados AT, 127 e 128, sobre contaminación luminosa).

https://www.europarl.europa.eu/doceo/document/TA-9-2021-0277_PT.html

— Resolución 084 - Tomar medidas para reducir a contaminación luminosa, do Congreso Mundial da Natureza, promovido pola Unión Internacional de Conservación da Natureza, Marsella (Francia), 2021.

<https://www.iucncongress2020.org/es/motion/084>

— Directrices sobre contaminación luminosa para a fauna silvestre, adoptadas pola 13ª Conferencia das Partes da Convención sobre as Especies Migratorias, Gandhinagar (A India), 2020.

https://www.cms.int/sites/default/files/document/cms_cop13_res.13.5_light-pollution-guidelines_s.pdf

— Iniciativa impulsada pola Federación Internacional de Empresarias e Profesionais BPW Spain e a Fundación Starlight para converter «a calidade do ceo e o acceso á luz das estrelas» no 18º Obxectivo de Desenvolvemento Sostible.

<https://ods18.org/>

— Lei 34/2007, do 15 de novembro, de calidade do aire e protección da atmosfera (disposición adicional cuarta, específica sobre contaminación luminosa).

<https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-2007-19744>

CONCLUSIÓN
CCG